

**24420** *LEI 51/1999, do 23 de decembro, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 231.898.349 pesetas, para lle aboar a «Alvamar, Sociedad Anónima», a indemnización derivada das sentencias do Tribunal Supremo do 27 de xuño de 1994 e 6 de novembro de 1997. («BOE» 307, do 24-12-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 10/1985, do 2 de agosto, de autorización para a adhesión de España ás Comunidades Europeas, autorizou a ratificación polo Reino de España dos tratados de adhesión ás Comunidades Europeas.

O artigo 168 da acta relativa ás condicións de adhesión e ás adaptacións dos tratados estableceu a eliminación, durante un período de sete anos, das exencións arancelarias concedidas polo Reino de España para os produtos da pesca procedentes das empresas conxuntas constituídas entre persoas físicas ou xurídicas de España e de terceiros países.

O Tratado de Adhesión á Comunidade Económica Europea implicou a supresión das cotas exentas de arancel, concedidas polo noso país, para os produtos da pesca procedentes de empresas conxuntas, consonte o establecido no Decreto 2517/1976, do 8 de outubro, e no Real decreto 830/1985, do 30 de abril.

Os beneficios derivados das disposicións antes citadas determinaron que «Alvamar, Sociedad Anónima» efectuase grandes investimentos, participando na empresa conxunta hispano-arxentina «Pescasur, Sociedad Anónima», polo que a eliminación do sistema de cotas exentas do arancel lle supuxo danos avaliábeis economicamente e indemnizábeis.

Por iso a sociedade «Alvamar, Sociedad Anónima» formulou unha reclamación de danos e perdas que foi desestimada por acordo do Consello de Ministros, de data 30 de xuño de 1989, e que interpuxo, co fin de impugna-lo acordo anterior, o recurso contencioso-administrativo número 300/1988.

A Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do Tribunal Supremo, con data do 27 de xuño de 1994, dictou sentenza pola que estimaba parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por «Alvamar, Sociedad Anónima» contra a citada resolución do Consello de Ministros do 30 de xuño de 1989, e declarou que o Estado, en concepto de responsabilidade patrimonial, ten que indemnizala sociedade recorrente.

Contra esta sentenza interpúxose o recurso de casación para unificación de doutrina número 4030/1996, que a Sección Especial da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo desestimou en sentenza do 6 de novembro de 1997; finalmente dispúxose por acordo de Consello de Ministros do 18 de decembro de 1998 o cumprimento, nos seus propios termos, das referidas sentencias.

Co obxecto de atende-las obrigas derivadas do cumprimento das sentencias, tramítase este crédito extraordinario de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédeselle un crédito extraordinario, por importe de 231.898.349 pesetas, á Sección 21 «Ministerio de

Agricultura, Pesca e Alimentación», Servicio 09 «Secretaría Xeral de Pesca Marítima», Programa 718A «Protección e conservación de recursos pesqueiros», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 47 «A empresas privadas», concepto 471 «Para lle aboar a «Alvamar, Sociedad Anónima» a indemnización derivada das sentencias do Tribunal Supremo do 27 de xuño de 1994 e do 6 de novembro de 1997».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, consonte o establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 3. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para amplia-lo crédito extraordinario que se concede, na cantidade necesaria para aboa-lo exceso de xuros que se produzan ata o momento de se efectua-lo pagamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**24570** *REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/1999, do 23 de decembro, polo que se adecúa a normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base 9.<sup>a</sup> do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos ó sistema tributario vixente. («BOE» 310, do 28-12-1999.)*

A Lei número 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no parágrafo segundo do seu artigo 80, medidas de modificación e adaptación do réxime xurídico dos consorcios da zona franca constituídos consoante o Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos, autoriza o Goberno para que, mediante real decreto lexislativo, por proposta do Ministerio de Economía e Facenda, proceda no prazo dun ano a adecua-la normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base 9.<sup>a</sup> do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos, e no artigo 131 do Regulamento en que se desenvolven as bases do real decreto lei citado, aprobado polo Real decreto do 22 de xullo de 1930, ó sistema tributario vixente, adaptándoa ás necesidades de financiamento dos consorcios das zonas francas, refundindo a citada normativa, reguladora dos ditos recursos, cos preceptos tributarios relacionados con ela, contidos na Lei 230/1963, xeral tributaria, do 28 de decembro; Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria e Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto

sobre sociedades. A delegación lexislativa inclúe a autorización para regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais a refundir, para a normativa nesta materia ficar adecuada e adaptada ó sistema normativo da Facenda pública actual.

O cumprimento da autorización lexislativa desenvolveuse do seguinte xeito:

1.º Adecuación da normativa do recurso ó sistema tributario vixente que implica a delimitación do recurso do que se cede a recadación; delimitación do recurso no caso de entidades e grupos de sociedades a que sexa aplicable o réxime do capítulo VII do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que actúan dentro e fóra da zona franca; previsión dos supostos de devolución que poidan afectar o recurso; atribución á Axencia Estatal de Administración Tributaria de tódalas funcións de xestión tributaria en sentido amplo, sen prexuízo de regular a transferencia do recurso ó consorcio pola Axencia Estatal de Administración Tributaria; procedemento de liquidación do recurso ó consorcio e procedemento de cálculo do recurso nos supostos de realización de actividades dentro e fóra da zona franca.

2.º Adaptación do recurso ás necesidades de financiamento dos consorcios das zonas francas pola que se mantén a distinción entre gastos de funcionamento e gastos de investimento; se establece a regulación da implantación do recurso cando ata a data non foi feito efectivo; a Lei de orzamentos xerais do Estado poderá establecer o límite máximo que polo mesmo, se atribuirá ó consorcio e o exceso de recadación sobre o dito límite corresponderá ó Tesouro.

A Lei orgánica número 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, no seu artigo 21.1 establece que o Consello de Estado en Pleno debe ser consultado nos proxectos de decretos lexislativos.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, conforme o dictame do Consello de Estado e precedendo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 1999,

## DISPÕÑO :

### Artigo 1. *Alcance da presente disposición.*

A presente disposición regula a atribución ós consorcios das zonas francas dos recursos suficientes para o financiamento das súas actividades, adaptando e actualizando a súa regulación á normativa vixente.

### Artigo 2. *Implantación do recurso e establecemento de empresas nas zonas francas.*

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá implantar o recurso regulado nesta disposición, nos consorcios que ata o de agora non o fixeron efectivo.

O establecemento de empresas nas zonas francas efectuarase de conformidade co establecido nas disposicións vixentes.

### Artigo 3. *Delimitación do recurso.*

Constitúe un recurso financeiro dos consorcios das zonas francas ós que se refire o artigo 80, da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais administrativas e de orde social, a recadación do imposto sobre sociedades, correspondente ós suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades establecidos nas zonas francas con exclusión das retencións e ingresos á conta, determinada conforme o disposto neste real decreto

lexislativo. Segundo a normativa vixente o dito recurso abrangue os ingresos derivados da declaración-liquidación anual e os pagamentos fraccionados do imposto sobre sociedades correspondentes ós ditos suxeitos pasivos.

### Artigo 4. *Delimitación do recurso para entidades e grupos de sociedades que operen dentro e fóra da zona franca.*

Cando se trate de entidades que operen dentro e fóra da zona franca, o recurso comprenderá unicamente a parte da débeda do imposto sobre sociedades que corresponda ás operacións realizadas dentro da zona franca.

Cando se trate de grupos de sociedades ós que sexa aplicable o réxime do capítulo VII, do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades que operen dentro e fóra da zona franca, o recurso comprenderá unicamente a parte da débeda do imposto sobre sociedades que corresponda ás operacións realizadas dentro da zona franca.

Os criterios de aplicación dos dous parágrafos anteriores poderán ser especificados por orde do ministro de Economía e Facenda.

### Artigo 5. *Xestión do imposto sobre sociedades correspondente ás entidades establecidas na zona franca.*

A xestión, inspección e recadación do imposto sobre sociedades das entidades establecidas na zona franca serán realizadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Para facilitar estas funcións, a Axencia Estatal de Administración Tributaria disporá, cando for preciso, de oficinas na zona, e os locais serán a cargo do consorcio.

### Artigo 6. *Procedemento de liquidación do recurso ó consorcio.*

O órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria, tan axiña como tiver coñecemento do ingreso no Tesouro público de liquidacións da Administración ou autoliquidacións correspondentes ás entidades establecidas na zona franca, efectuará as oportunas liquidacións do recurso con cargo ó orzamento de ingresos e expedirá o conseqüente libramento a favor del, no que se incluírán os correspondentes xuros de demora ingresados polos suxeitos pasivos, pero non as sancións ou recargas.

Nos supostos en que a declaración-liquidación anual resulte a devolver, a devolución do imposto sobre sociedades por cada suxeito e exercicio realizarase, en primeiro termo, con cargo ós pagamentos fraccionados efectuados polo dito suxeito pasivo e na proporción en que o consorcio e o Tesouro Público tivesen participado neles.

O importe dos pagamentos ó consorcio polo recurso non superará anualmente o importe máximo que, se foi o caso, fose fixado pola Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano. Neste suposto, o exceso de recadación do recurso sobre o importe máximo corresponderá ó Tesouro.

### Artigo 7. *Procedemento de cálculo do recurso no suposto de realización de actividades dentro e fóra da zona franca.*

Nos casos de realización de actividades dentro e fóra da zona franca por entidades e grupos de sociedades a que sexa aplicable no réxime do capítulo VII do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto

sobre sociedades, o órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria, precedendo informe do órgano de inspección da Axencia Estatal de Administración Tributaria competente en relación co suxeito pasivo e do consorcio da zona franca, sobre a actividade desenvolvida na zona franca por entidades e grupos, determinará consoante o disposto no artigo 4, sobre delimitación do recurso para estas entidades e grupos o importe do recurso que corresponde ó consorcio nos ingresos por autoliquidacións e liquidacións efectuadas pola Administración en concepto de pagamentos fraccionados e da declaración-liquidación anual do imposto sobre sociedades.

Para os efectos da aplicación do disposto no artigo 4, a Axencia Estatal de Administración Tributaria determinará provisoriamente a participación do consorcio na mesma proporción que tivese resultado da última declaración anual para a que se tivese fixado.

Unha vez que se presente a declaración-liquidación anual do imposto sobre sociedades, o órgano competente de inspección emitirá informe sobre a porcentaxe de recadación atribuíble ó consorcio. Este informe trasladarase ó consorcio da zona franca, para que poida face-las alegacións que coide oportunas. O órgano competente da Axencia estatal de Administración Tributaria, en consecuencia, practicarás as liquidacións que procedan a favor ou con cargo ó orzamento de ingresos, sen incluír en ningún caso xuros de demora.

O importe dos pagamentos ó consorcio polo recurso no superará anualmente o importe máximo que, se foi o caso, tivese fixado a Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano. Neste suposto, o exceso de recadación do recurso sobre o importe máximo corresponderá ó Tesouro.

#### Artigo 8. *Aplicación do recurso.*

Do importe total do recurso correspondente ó consorcio da zona franca empregárase como máximo o 25 por 100 para os gastos do seu funcionamento. O resto destinarase a investimentos na zona franca e ás actividades de fomento propias das administracións territoriais que integran os consorcios das zonas francas.

Os consorcios da zona franca poderán aplica-lo remanente de recadación non empregado nun exercicio a idéntica finalidade en exercicios sucesivos.

#### Artigo 9. *Réxime de contabilidade e control.*

Os consorcios que perciban o recurso regulado nesta disposición ficarán sometidos a control financeiro exercido de forma centralizada pola Intervención Xeral da Administración do Estado, axustarán a súa contabilidade ás normas establecidas para as entidades públicas empresariais de carácter estatal e renderán as súas contas ó Tribunal de Contas por conducto da Intervención Xeral da Administración do Estado.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados a base 9.<sup>a</sup> do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos; e os artigos do 128 ó 140 do Real decreto do 22 de xullo de 1930, que aproba o regulamento en que se desenvolven as bases do real decreto lei citado.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Habílitase o Goberno para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

#### Disposición derradeira segunda. *Remisión ás Cortes Xerais.*

Deste real decreto lexislativo darase conta ó Congreso dos Deputados e ó Senado.

Dado en Madrid o 23 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e Ministro de Economía e Facenda,

RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

**24706** *LEI 52/1999, do 28 de decembro, de reforma da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. («BOE» 311, do 29-12-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A orientación da política económica española repousa sobre o convencemento de que o crecemento estable e non inflacionario da economía e, consecuentemente, a creación de emprego, requiren outorgar un papel preponderante ó bo funcionamento dos mercados. Cabo disto, a integración da economía española no contexto comunitario e, en concreto, na Unión Económica e Monetaria condiciona a marxe de actuación do Goberno sobre o deseño da política macroeconómica, fundamentalmente sobre a política monetaria. Neste contexto, cobran especial relevancia as políticas de feitío microeconómico e, en especial, a política de defensa da competencia.

A Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, naceu co obxectivo de dota-los poderes públicos dun instrumento eficaz para garanti-la existencia dunha competencia suficiente e protexela de todo ataque contrario ó interese público, inspirándose nas normas comunitarias de defensa da competencia.

O afondamento no proceso de liberalización dos mercados que afronta a economía española fai necesario potenciar unha política de defensa da competencia, que garanta a efectividade do esforzo liberalizador e evite que o comportamento dos operadores económicos desvirtúe o funcionamento adecuado dos mercados e prive os consumidores das súas vantaxes.

Con este fin, no plan de liberalización aprobado polo Consello de Ministros o 21 de febreiro de 1997, fixouse como un dos obxectivos prioritarios do Goberno a reforma do sistema de defensa da competencia, obxectivo a que responde esta lei e que culmina o proceso de reforma iniciado co Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, en materia de control de concentracións.

Esta lei, partindo da premisa de que a política de defensa da competencia ten básica e xeralmente un carácter horizontal, na liña do que se manifestou nos parágrafos anteriores, procura afondar nos mecanismos que permitan un funcionamento eficaz dos mercados, co pleno respecto ó disposto na sentenza do Tribunal Constitucional que axuízou diversos preceptos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, na medida en que os aspectos substantivos da reforma unicamente se refiren a aspectos integrantes do réxime xurídico de defensa da competencia que no seu momento, unha vez que se teña procedido conforme indica o alto Tribunal a tramitar e